

NOTA DE PRENSA

Psicólogos/as galegos/as revisan a intervención neuropsicolóxica en casos de discapacidade intelectual

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2018 - Mañá venres 19 e o sábado 20 de xaneiro o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acolle na súa sede compostelá un curso sobre a avaliación e a intervención neuropsicolóxicas en persoas adultas con trastorno do desenvolvemento intelectual.

Será impartido por Susanna Esteba-Castillo, neuropsicóloga do Servizo Especializado en Saúde Mental e Discapacidade Intelectual do Parc Hospitalari Martí i Julià de Girona. O seu labor asistencial e investigador desenvolveuse fundamentalmente no campo da psicoxeriatría e da discapacidade intelectual. Ademais é relatora en numerosas charlas, coloquios, presentacións, congresos e cursos especializados en fenotipos condutuais, perfís cognitivos e alteracións condutuais en persoas con trastorno do desenvolvemento intelectual.

O trastorno do desenvolvemento intelectual ou discapacidade intelectual é un estado particular de funcionamento que comeza na infancia, caracterízase por limitacións significativas no funcionamento intelectual e na conduta adaptativa. Ante a amplísima diversidade de causas que a provocan, a avaliación neuropsicolóxica nas persoas con discapacidade intelectual é importante para determinar os déficits cognitivos, condutuais e emocionais específicos que limitan o funcionamento intelectual e afectan ó funcionamento adaptativo cotiá, tanto a nivel académico, social como práctico en diferentes situacións vitais.

Ademais, a mellora da calidade de vida favoreceu o aumento da lonxevidade en persoas con discapacidade intelectual e atopámonos ante novos retos e interrogantes que ineludiblemente requiren novas formas de intervención para atender de forma integral as demandas propias do envellecemento nas persoas con discapacidade intelectual, xunto coas súas familias e profesionais a cargo.

O curso pretende ser unha introdución, con coñecementos actualizados, aos trastornos do desenvolvemento intelectual e as estratexias de intervención en persoas adultas. As persoas asistentes adquirirán coñecementos prácticos sobre o desenvolvemento, adaptación e validación de probas neuropsicolóxicas aplicadas a esta poboación, a avaliación neuropsicolóxica específica e unha introdución sobre os programas de intervención.

Esta nova actividade formativa está coordinada pola psicóloga clínica Vanessa Vilas Riotorto, coordinadora do Grupo de traballo de Neuropsicoloxía da Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio de Psicoloxía de Galicia e, en representación da Sociedade Galega de Neuropsicoloxía, M^a del Carmen Antón San Luis Psicóloga do centro Pai Menni que ofrece unha atención integral a persoas con discapacidade intelectual.

Con esta coordinación, a Sección de Psicoloxía e Saúde do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Sociedade Galega de Neuropsicoloxía, manteñen a formación continuada na nosa Comunidade, para que os/as profesionais poidan proseguir na mellora da súa formación e, polo tanto, na atención ás persoas atendidas e as súas familias.

Saúdos,

Se desexas ampliar a información, podes contactar co Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martins:

981 534 049 / 699 908 968 / comunicacion@copgalicia.gal